

## RESOLUCIÓN DE RECOÑECIMENTO DE INTERESE SANITARIO

**Expediente núm.:** SA301A 2022/1-5

**Interesado:** M<sup>a</sup> Carmen Candeira Alonso

**Procedemento:** SA301A

**Asunto:** Concesión do interese sanitario

**Data de iniciación:** 12/01/2022

**Forma de inicio:** Solicitud de interesado

### ANTECEDENTES

1. O 12/01/2022 María del Carmen Candeira Alonso, en representación da entidade Compostela Congressos, S.L. solicitou o recoñecemento de interese sanitario para a realización do XXI Congreso Semergen Galicia.
2. A Sociedade Galega de Médicos de Atención Primaria (SEMERGEN Galicia) é a entidade organizadora da actividade.
3. O congreso desenvolverase os días 20 e 21 de maio de 2022.
4. A xefa do Servizo de Xestión emitiu un informe favorable ao solicitado.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Esta xefatura territorial é competente para coñecer e decidir sobre a cuestión proposta de conformidade co disposto no artigo 7 da Orde do 27 de decembro de 2016, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico destinados a promover o estudo, difusión, formación e especialización das ciencias e técnicas relacionadas coa saúde (DOG Núm. 6, do 10 de xaneiro de 2017).
2. A documentación presentada cumpre os requisitos establecidos na dita orde.

De acordo con todo o indicado RESOLVO:

**Outorgar** o recoñecemento de interese sanitario á dita actividade.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer no prazo dun mes recurso de alzada ante o conselleiro de Sanidade.

Mediante este documento notifícaselle a María del Carmen Candeira Alonso, en representación da entidade Compostela Congressos, S.L. esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado electronicamente en Pontevedra por:

A xefa territorial

Natalia Botana Rey